

## **Escavación, limpeza e consolidación no Castro de Viladonga. Campaña 2003**

Felipe Arias Vilas

### **Resumo:**

Adáptase e resúmese en forma de artigo o Informe Preliminar Valorativo correspondente á campaña de escavacións, consolidación puntual e limpeza xeral realizada no Castro de Viladonga a fins do ano 2003. Os traballos de investigación de campo concentráronse en súas áreas: por un lado para ampliar a zona xa escavada con anterioridade no antecastro Oeste do xacemento, e por outro para completar o coñecemento da muralla Leste cara á porta da croa do Castro. Na zona do antecastro documentáronse tres tipos de construcións, diferentes pero probablemente moi seguidos e correspondentes os tres á época galaico-romana, mentres na outra zona comprobouse que era unha das entradas orixinais á croa, laxeada e aberta no ángulo S.L. do Castro entre dous extremos da muralla principal.

### **Palabras chave:**

Castro, galaico-romano, escavación, antecastro, entrada.

Os traballos arqueolóxicos no xacemento castrexo e galaico-romano de Viladonga (Castro de Rei, Lugo) do ano 2003 foron promovidos polo propio Museo do xacemento e financiados pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Os traballos de campo tiveron lugar entre o 11 de setembro e o 4 novembro de dito ano 2003.


O proxecto e a dirección dos traballos foi de Felipe Arias Vilas, e a súa execución adjudicouse pola Xunta de Galicia á empresa AXA Arqueoloxía, a cargo de Emilio Ramil González (como xestor e subdirector da campaña) e coa colaboración no control e rexistro das catas doutros arqueólogos e persoal técnico aportado pola empresa. Colaboraron como voluntarios nos traballos de campo, en distintas fases da escavación, varios/as licenciados/as, e a través do Museo, que aportou ademais o necesario apoio técnico e de infraestrutura, participaron así mesmo outros colaboradores, ademais de cinco operarios da comarca contratados pola empresa AXA.

## INTRODUCCIÓN

### Plan e método de traballo

A intervención de 2003 contemplaba fundamentalmente os seguintes obxectivos:

1º.- Escavación en área en dúas zonas, por cadros de 10x10 m. subdivididos en cadrantes de 5 x 5 m. conforme á planimetría establecida para o Castro (**fig. 1**):



**Fig 1.-** Plano do conxunto do Castro con indicación das áreas escavadas e puntos consolidados.

A) No chamado Antecastro Oeste, como ampliación das áreas xa sondeadas en 1972 por Chamoso Lamas e escavadas en 1992 (por F. Arias Vilas) e 1996 (por L. López e Y. Álvarez). A escavación, cun total de 187'5 m<sup>2</sup>; abranguíaa en concreto os cadros denominados 12-D (completo, 100 m<sup>2</sup>), 12-E/3, 12-E/4 e 12-E/2 (neste último só a metade Oeste para non impedir a entrada de maquinaria no dito Antecastro). Pretendíase incrementar a información dispoñible para esta área de expansión (e de acceso) do xacemento, que xa tiña ofrecido restos de estruturas que agora procedía completar para saber máis sobre a súa extensión, carácter e funcionalidade, ademais da relación que poida ter co camiño descuberto nesta parte do Castro.

B) Na zona situada á dereita da entrada principal da croa, como ampliación do corte aberto en 1988, en concreto os cadros denominados: 12-O/1, 12-O/2, 12-O/3, P-12/1 e P-12/4, que fan un total de 125 m<sup>2</sup>. O obxectivo era ampliar a escavación dos anos 1988 e 1989 co fin de averiguar a disposición da muralla interior do Castro nesta zona lindeira da entrada á croa.

Como é lóxico e obrigado neste xacemento, de utilización patrimonial, cultural e educativa moi alta durante todas as épocas do ano, as áreas e estruturas escavadas terían que quedar nun aceptable estado de conservación e visualización aceptable para seguir cumprindo aquela función social. Precisamente por isto se elixiron os cadros citados, para non interromper en ningún caso a visita ó Castro por todo tipo de público, ademais da obriga legal de deixar os restos aparecidos en condicións axeitadas para a súa perpetuación e a súa comprensión.

2º.- Limpeza de todo o Castro e consolidación nos puntos que o precisasen. Prevíanse dous tipos de intervención, segundo fose necesario actuar a fondo no interior e/ou ata o nivel de cimentación dos muros, ou ben fose suficiente con repoñer ou reforzar os remates, esquinais ou paramentos destes. Os criterios xerais de intervención serían os habituais neste xacemento, como logo se indica.

O plan e método de traballo consistiu en establecer unhas "unidades de escavación ou de sondaxe" que seguen a retícula planimétrica empregada todo o xacemento, coincidentes cos cadros xa sinalados máis arriba para cada unha das áreas. Como é habitual neste sitio arqueolóxico e para facilitar o rexistro e o desenvolvemento da escavación, estas unidades subdividíronse en cadros de 5 x 5 m. nomeados do 1 ó 4, seguindo desde o Norte o sentido das agullas do reloxo.

Previamente á escavación, procedeuse a un rozado intenso das áreas marcadas, empregando medios manuais ou mecánicos cando así o requiría o abundante mato existente, especialmente no Antecastro. Logo da retirada da capa vexetal, pasouse á escavación sistemática e demorada das diferentes unidades establecidas, acometéndose o traballo en pequenas áreas para retirar a terra seguindo, en principio, a orientación e guía das diferentes texturas e cores das correspondentes unidades estratigráficas.

Para o rexistro arqueolóxico empregouse unha ficha tipo cos datos precisos para a identificación das estruturas e materiais aparecidos, anotando estes en base á súa unidade de escavación e á capa estratigráfica. No caso dos elementos arqueolóxicos de maior interese e singularidade, útiles para a caracterización e definición da intervención e do propio xacemento, fíxose un rexistro individualizado con coordenadas tridimensionais (este foi o caso dos furados de poste ou de restos de madeiras, de pezas metálicas identificables, de acumulacións puntuais de cerámica, de sementes, etc.).

O material arqueolóxico aparecido depositouse, loxicamente, no Museo do Castro, para a súa limpeza, siglado e inventario, contextualizándoo e clasificándoo por unidades e niveis, levando cada peza a sigla correspondente á campaña: VD03 - nº de orde (sucesivo do 1 ata o final), e indicando con VD03-1/1, 2, 3... o número de fragmentos cando a peza se pega ou se recompón.

Na limpeza do Castro, que se fixo en todas as áreas escavadas anteriormente tanto na croa como fóra dela así como na muralla e foso principais, utilizáronse medios manuais e mecánicos (fouces e fouciños, rodos, desbrozadoras, etc.), con especial coidado nas estruturas murarias e sen botar ningún tipo de herbicida, labor este que se adota facer na primavera e en zonas e puntos que así o precisen.

A consolidación consistiu na reposición de pedras (previo o desmontado dos muros só alí onde fose realmente necesario), asentadas en argamasa terrosa feita in situ, cunha utilización mínima de aglomerante cementicio que non é visible ó exterior pero que si queda documentado (ademais da lóxica referencia escrita e gráfica) con ripios ou esquirlas de seixo branco presentes no propio Castro, así mesmo na forma habitual.

En calquera caso, procurárase non agredir nunca as estruturas arqueolóxicas, é dicir, a consolidación será sempre a mínima necesaria para garantir a estabilidade dos muros, sen recrecementos fóra de lugar (e á marxe da normativa legal), tratando ademais de que esta consolidación resulte o máis ecolóxica posible, conforme ó criterio e métodos utilizados neste xacemento desde 1982, xa descritos noutras ocasións, é dicir, cos cumios dos muros cubertos de terróns de herba cortados a posta e asentados nunha fina capa de terra.

## I.- ESCAVACIÓN DO SECTOR DO ANTECASTRO

Na área obxecto desta intervención no Antecastro sito ó Oeste da croa, xa se fixeran varias escavacións nos anos 70 e 90, nas que se descubrira un camiño de acceso ó Castro flanqueado por dúas plataformas, nunha das cales (a do lado Sur) se documentara parte dunha construción alongada case paralela e lindeira con aquel camiño, con muros rectos conservados practicamente a nivel de cimentación e feitos con pedras de pizarra e cuarzo de bo tamaño. Por algúns dos elementos que se asociaban a ela, coma un grande furado identificado coma un silo de cereal e unhas pedras de lareira con carbóns e área de queimado, atribuísele unha función doméstica. Os materiais arqueolóxicos recuperados nesta área sintonizaban bastante, cronolóxica e tipoloxicamente, co que se ten documentado para a croa, é dicir, unha ocupación galaico-romana, sobre todo entre fins do s. II e comezos do V d.C.

### Unidade de escavación 12-E

Comezouse a escavación polo **subsector 12-E/4**, e a pouca fondura detectouse o muro Sur da que denominamos estrutura 1 (a que xa se documentara en campañas anteriores), que discorría paralelo ó outro muro xa visible, definíndose así unha grande construción de pranta rectangular.

O muro agora exhumado conserva uns 50 cm de altura e unha anchura media de 85–90 cm., cun paramento interno relativamente ben coidado de laxes de tamaño medio e pequeno argamasadas cunha arxila arrubiada, común a outras construcións desta área e doutras partes do xacemento. Pola cara exterior apoia sobre coios de seixo branco de



Fig. 2.- Área do Antecastro coas dúas estruturas pétreas.

boas dimensións (**fig. 2**), formando unha especie de rebanco irregular, tamén consonte co que sucede no resto do poboado, onde hai unha clara preferencia por este material cuarcítico á hora de chantar os alicerces dos muros.

No espacio interno desta construción 1, rexistráronse diversos elementos estruturais:

- Indicios dunha posible canle, escorrentía ou elemento similar que cruza a construción de Norte a Sur e que está delimitada por pequenas lousas e conformado por unha capa de terra ou limo de cor gris-verdosa escura (unidade estratigráfica denominada capa 5) por baixo do nivel de cimentación do muro). A súa funcionalidade quizais poida relacionarse con algún traballo de tipo artesanal, mesmo asociado coa que chamaremos estrutura 2.

- Unha especie de división interna paralela á canle anterior, pero asentada sobre o piso da construción e composta dunha liña de pedras deitadas e de tamaño variable, a modo de base dun “tabique” feito de materiais perecedoiros, fosen madeiras ou pallabarro (é dicir, un entramado de paus e madeiras revestido e aglomerado con barro que, seco ou cocido, é o elemento arqueolóxico que chega ata nós).

- Un furado case adosado ó muro Sur no ángulo que forma coa anterior división interna, duns 40 cm de diámetro e escavado no piso desta estrutura 1, sen que de momento poidamos determinar a súa funcionalidade.

- Diversos sinais de dous ou tres “pavimentos” ou “pisos”, a uns 70 cm. de fondura, compostos por unha serie de manchas extensas de terra barrenta de distintas tonalidades que interpretamos como restos de varios solos de uso do interior da estrutura 1 e que deben ser coexistentes ou moi sucesivos no tempo.

A estratigrafía deste subsector está ben ilustrada no perfil do lado Leste, e é particular do interior da estrutura 1, mentres ó exterior da construción a disposición estratigráfica dos perfís é matizadamente distinta, máis análoga ó resto da área escavada. Nesta unidade

12-E, baixo o nivel O (de terra vexetal), rexístranse un nivel arqueolóxico 1 que se pode organizar en oito capas diferentes, das cales son de salientar: a 1 (terra parda con anacos miúdos de pallabarro), a 2 (derrubo de parede terra vermella, arxila mesturada con pedras, a 4 (terra parda con derrubo de tellado, con lousas furadas e anacos de tégulas), a 5 (a citada canle de limo), e as mencionadas mostras de pisos moi localizados (capas 6, 7 e 8).

Os materiais arqueolóxicos recuperados nesta zona resúmense en fragmentos de cerámica de tradición castrexa e común romana, en sintonía cronolóxica e tipolóxica co exhumado no interior do poboado. A súa maior concentración prodúcese xusto por riba dos niveis de “piso”. Así mesmo, xa desde as primeiras capas do nivel 1 é importante a presenza de anacos de pallabarro (sen chegar a abundancia da unidade 12-D como logo veremos), ademais dos restos de tellas planas (*tegulae*) recollidos na capa de derrubamento de tellado.

Sen embargo, debe destacarse o achado dunha fíbula en omega, varias fichas de lousa e pizarra (entre elas dous *calculi* de xogo) e dúas moedas de bronce (*centenionales* ou *folles* do s. IV ou V d.C.) moi deterioradas.

No **subsector 12-E/3**, as evidencias arqueolóxicas recuperadas abrían interrogantes sobre a continuidade das construcións descubertas, o que motivou a ampliación cara á metade Oeste da unidade veciña (**subsector 12-E/2**); pola súa relación descríbense ambas conxuntamente.

Moi logo, ós 25-30 cm., asomarían os restos do que chamamos estrutura 2. Compóñena unha serie de muros, cunha dimensión total aproximada de 5 x 3 m., que delimitan unha planta rectangular incompleta, pois está interrompida polo lado Norte. No ángulo SO. amosa un esquinall moi ben arredondado polo exterior, mentres que o muro Sur ten dous vans ou ¿portas?. Perto do perfil Leste conta cun muro que sae perpendicularmente da parede Sur (coa que se imbrica), e que esta claramente cortado no seu extremo Norte pola estrutura 1 definida na unidade anterior (ver fig. 2). O citado muro Sur introdúcese por baixo do perfil Leste, polo que o seu remate queda pendente de futuras escavacións.

Esta nova estrutura 2 ten unha factura máis coidada que a construción 1, sobre todo na súa cara exterior, cunha mampostería de laxas de pizarra ben careadas e argamasadas cunha arxila amarelenta (mentres a da estrutura 1 é máis arrubiada). Presenta ademais unha pequena banquetta de cimentación tamén de laxes, cando na construción 1 xa dicíamos que era de grandes coios de cuarzo branco.

O interior desta estrutura 2 estaba colmatado por un derrubo miúdo de laxes e argamasa que, logo de escavalo, deixou á vista dous bloques de seixo de bo tamaño, calzados con pequenas lousas que parecían pretender a súa nivelación ou asentamento; sen embargo, ó levantalos de xeito momentáneo para ver se tapaban algún elemento determinado, comprobouse que estaban facendo de “tapa” ou selo de senllos buratos colmatados con terra e delimitados por aquelas lousiñas que inicialmente parecían calzar os coios, que foron deixados in situ. Cómpre chamar a atención sobre a disposición destes bloques de seixo, pois semellan estar colocados nos eixos dos vans abertos no muro Sur desta estrutura 2, e estes, á súa vez, cunhas pequenas moreas de pedras (ó lado do corte S.), presuntamente intencionadas.

Ó abeiro exterior deste muro Sur documentáronse dous buratos, un deles de conformación triangular e outro de contorno polilobulado, que poidera non ser de poste.

Toda esta estrutura 2 aséntase sobre unha especie de plataforma ou entullo apisonado de anacos de pallabarro, de forma moi definida e limitada precisamente á planta

da construción, dato este moi relevante pois viría confirmar que, previamente á construción das dúas estruturas pétreas, existiron outras feitas de material máis fráxil logo derramadas e arrumbadas, como testemuñaría a unidade 12-D.

Inicialmente pensouse nunha posible relación entre as dúas construcións de pedra, a xeito de corpo adosado a segunda con respecto da primeira, pesia á distinta orientación dos seus eixos principais, pero conforme se avanzou na escavación dos muros laterais da estrutura 2, comprobouse que son construcións diferentes e que esta última foi cortada e inutilizada nun momento posterior (posiblemente en pouco tempo) pola longa estrutura 1.

A estratigrafía do perfil Sur da unidade 12-E/3 ofrece, baixo o nivel 0 de terra vexetal, un nivel arqueolóxico composto por unha capa 1 de terra parda con restos de pallabarro e derrubamento da estrutura, e unha capa 2 de terra con arxila vermella. No perfil Oeste desta sondaxe, logo da mesma capa vexetal, o nivel arqueolóxico tiña dúas capas, a segunda delas de terra parda con pallabarro e restos de derrubamento.

Os materiais arqueolóxicos desta área 12-E/3 e 12-E/2 encádranse ben na liña xeral de todo o xacemento: as cerámicas amosan un tipo de pasta e unhas formas castrexas e comúns romanas, atribuíbles a recipientes de uso doméstico e de cronoloxía galaico-romana, practicamente sen ningunha decoración, agás algún leve espatulado ou algunha incisión suave. Apareceu tamén algún anaco de bronce en moi mal estado e recuperáronse lousiñas en forma de ficha ou disco e algunha fusaiola.

A maior concentración de materiais prodúcese na capa 2 do nivel 1, ó igual que en case toda a área de intervención. No seu rexistro, individualizáronse as evidencias detallando se foron recollidas no interior ou no exterior da estrutura ou, en caso de estar asociadas a peculiaridades estratigráficas, as súas variantes de textura e cor.

### **Unidade de escavación 12-D**

No **subsector 12-D/1**, documentouse tamén a continuidade do muro S. da estrutura 1, se ben nesta parte acada máis anchura (ata os 115 cm). Nalgún treito amosa un perfil algo irregular propio da cimentación, e o aparello segue sendo de mampostería de pizarra no paramento interior e grandes bloques de seixo branco no exterior. O seu remate no ángulo NO. desta unidade atópase moi derramado e só conserva os grandes coios da cimentación.

No interior desta construción seguen aparecendo restos de “pisos” de arxila arrubiada, con manchas de queimado asociadas á grande lareira rectangular de pedras descuberta en 1996 e adosada ó muro da súa cabeceira Oeste.

Ó exterior da estrutura, a cota final ven dada pola capa de arxila avermellada recién citada, pero que nesta área carece da textura compacta que a definirían como solo de ocupación; debe tratarse máis ben dunha das capas de recheo que en determinado momento serviron para conformar a plataforma hoxe visible no Antecastro.

Dada a súa ubicación, nesta unidade 12-D/1 non se deixou ningún perfil ou corte estratigráfico, e tendo en conta que o proceso de escavación foi case simultáneo ó de 12-E/4, a definición dos seus niveis e capas foi elaborada en conxunto con esta última.

Os materiais arqueolóxicos recollidos están igualmente na liña do sinalado para 12-E/4: cerámica de uso doméstico e algúns anacos de metal, en xeral de bronzes informes, cunha concentración máis elevada (sempre relativa) en torno á citada lareira.

No subsector 12-D/2 as estruturas non parecen ter ningunha distribución definida, e a súa función poido ser moi diversa, tanto de construcións feitas de materiais perecedoiros como de elementos menores (bancos, postes de uso indeterminado. etc.). A cota final de nivelación está marcada por unha capa (a 6) de terra parda-amarela na que se documentan varios furados para poste de forma e tamaño diferentes (pero sempre arredor dos 20-25 cm. de anchura e uns 25/30 cm. de fondura), algúns deles con laxas fincadas nos bordes. Nunha cota análoga e ó igual que na unidade 12-D, aparecen máis coios de seixo branco, e na zona central veuse unha acumulación de argamasa asociada a furados de poste, bloques de cuarzo e unha mancha con restos de pallabarro (**fig. 3**).



Fig. 3.- Área das unidades 12-D/2 e 12-E/3, cos coios e furados de poste.

No ángulo SL. da sondaxe e na capa avermellada que define a cota final, documentáronse manchas irregulares de queimado e, en relación con isto e por baixo da dos pallabarras que se describen no perfil Sur, recolléronse varios anacos de cerámica.

A estratigrafía de dito perfil Sur ofrece un nivel arqueolóxico composto dunha capa de terra parda con pallabarro e outra capa de barro arrubiado. En cambio, o ángulo SL. do mesmo perfil presenta, ademais do habitual nivel de capa vexetal, tres capas de cor e textura distinta: a 1 con terra parda escura e con pallabarras, a 2 con terra parda amarelenta, e a 3 cos pallabarras desfeitos e apisonados.

O material atopado neste subsector 12-D/1 é similar ó do resto da área de intervención tanto no aspecto tipolóxico coma cronolóxico e documéntase sobre todo na capa 1 de terra parda. Sen embargo, no ángulo SL. desta unidade e por baixo do pallabarro apareceu a citada concentración de moitos fragmentos cerámicos dunha ou varias vasillas de bo tamaño, se ben a calidade da súa pasta e cocción é deficiente. Os primeiros labores de limpeza,



clasificación e inventario indican ademais que falta a maior parte do borde desta ou destas olas, que son de tradición castrexa e habituais dentro do material cerámico do Castro.

Xa se sinalou antes que o **subsector 12-D/3** se escavou de xeito conxunto e simultáneo con 12-D/4 polo que a descrición pode considerarse común para ambas unidades, que constitúen un conxunto particular dentro da área do Antecastro polos seus elementos relacionados.

Nel hai que salientar a concentración de pallabarro no ángulo SO. do cadro, conformada como unha morea, aproximadamente cunha extensión de 2 x 3 m., composta de anacos de tamaño ás veces considerable e que sen dúbida pertenceron ás paredes dalgunha estrutura habitacional. Forma unha capa moi ben definida duns 10-15 cm. de espesor, con abundantes restos cinsentos de queimado que se van difuminando cara ó N. por mor da caída natural do propio terreo e do arrastre da pendente.

En paralelo a este conxunto aparecen restos de muros pétreos (duns 70 cm de anchura e uns 40 cm. de altura), fragmentarios, discontinuos e de factura moi pobre, se ben o paramento que mira ó Oeste está máis coidado, e nalgúns puntos mestúranse con anacos de pallabarro. Na unidade 12-D/4, este aliñamento parcial de muriños proxéctase cara ó Norte.

Xusto no ángulo NO. da sondaxe documentáronse restos de táboas ou madeiras carbonizadas e deitadas entre o pallabarro (**fig. 4**). Ó seu lado apareceu tamén o que parece ser un tronco fincado e queimado, asociado todo isto a concentracións de sementes estendidas en todo este lado Oeste do cadro 12-D/3, sementes tamén carbonizadas e que son dalgún cereal como millo miúdo ou trigo á espera das análises oportunas.



Fig. 4.- Pallabarras e restos de madeiras queimadas na unidade 12-D/3.

En canto ós materiais recollidos, cómpre anotar, sobre todo na capa 2 do nivel 1, a cerámica de tipo común xeneralizada nesta área do xacemento, e que polo seus tipos e formas reforzan a idea dunha funcionalidade relacionada con actividades agrícolas. Destaca a

aparición, na área SL. da unidade 12-D/3, dun alfinete de cabelo, feito en bronce e aparentemente completo, similar a outros achados na croa do Castro.

Para rematar coas zonas abertas no Antecastro, hai que referirse ó **subsector 12-D/4** que, aínda que moito máis feblemente que na unidade anterior, amosou algúns restos moito máis fragmentarios e indefinidos de muros relativamente aliñados en dirección N-S, a carón dunha mancha de arxila amarelenta e dun furado irregular.

En varios puntos deste cadro, e como é común a toda esta área, rexístranse furados distribuídos sen ningunha orde aparente, presuntamente de postes que sostíñan estruturas de materiais perecedoiros, fosen de habitación, de almacenaxe ou doutro tipo de elementos como bancos ou armazóns diversos. Nun destes furados e reutilizado como pedra que o delimita, apareceu a metade dun catillus ou parte superior dun muíño circular, todo o cal, ademais de avalar a idea dunha funcionalidade particular para esta área, establece tamén un referente cronolóxico dado que o espallamento dos muíños xiratorios adoita vencellarse á romanización, aínda que a súa aparición poida ser anterior. En toda esta unidade e de forma puntual aínda que sobre todo na beira Oeste, recuperáronse máis restos de sementes asociadas a áreas de queimado.

A estratigrafía das unidades de escavación 12-D/3 e 12-D/4 é común a ambas e defínese no seu perfil Oeste. Baixo o nivel 0 (capa vexetal), o nivel arqueolóxico componse de 6 capas, das cales a 2 pode subdividirse á súa vez noutras dúas. Interesa salientar sobre todo: a capa 3, con terra vermella e un barro moderadamente compacto, sen material arqueolóxico e limitada ó ángulo NO. da unidade; a capa con bolsas de sementes e cinsa, e a capa 5, con concentración de anacos de pallabarro.

Os materiais arqueolóxicos aparecen maiormente na capa 2 como é común en todo o sector 12-D, se ben tamén os hai noutras unidades estratigráficas. Algúns fragmentos cerámicos atópanse xustamente no contorno das bolsas de sementes e cinsas, e o metal está representado por unha peza de ferro en forma de vástago que ben poidera pertencer a un compás ou tirapuntos similar a outros xa coñecidos neste Castro.

### **Conclusións provisionais para o sector do Antecastro**

A intervención no Antecastro no 2003 revelouose moi interesante en todos os seus sectores e ámbitos. Cómpre resaltar que estamos nunha zona relacionada probablemente cunha ocupación doméstica, pero complementada con actividades productivas agrícolas e mesmo con algún traballo de tipo artesanal.

Perfílanse polo menos dous ámbitos ben diferenciados na área de intervención:

1.- Os sectores Norte e Leste están ocupado polas estruturas 1 e 2, que se suceden no tempo, sendo a máis grande pero máis sinxela (a denominada 1) posterior á máis pequena pero máis complexa, non sabemos en canto tempo, aínda que polas estratigrafías e os materiais asociados non parece que demasiado separadas. Ambas construcións superpóñense á súa vez a un nivel de entullo someramente achaiado que corresponde á derruba dunhas estruturas de material perecedoiro, maiormente de madeira e pallabarro.

Aínda que a funcionalidade destas estruturas terá que ser mellor definida cos estudos e análises posteriores de materiais, terras, carbóns e sementes, pódese adxudicar provisoriamente á construción máis grande un destino doméstico á vez que agrícola (silos, lareira...) e quizais complementado co artesanal (pola “canle” limosa de auga, o “tabique” que

poido separar ambas funcións, etc.). A finalidade coa que se fixo a estrutura 2 é moito máis complexa de definir, polo menos de momento, pois a singularidade da súa traza e o feito de estar máis incompleta ó estar cortada, como se dixo, precisamente para erguer a outra construción alongada, permite manter abertas varias vías e hipóteses de traballo, sen desbotar a dun uso ou función máis simbólica que puramente doméstica ou artesanal.

2.- Os sectores Sur e Oeste ofrecen uns elementos estruturais moito menos precisos ó seren máis fragmentarios e, ademais, por corresponderen ó nivel das estruturas precedoiras tantas veces citadas. De todas formas, perfílase como un espacio de características moi particulares e que hai que poñer en relación coas actividades productivas da primeira ocupación da plataforma do Antecastro que, en calquera caso e polos materiais atopados, está en sintonía co nivel de habitación principal do Castro, é dicir, xa en época galaico-romana.

É plausible pensar que estamos nunha zona que poderíamos definir “de obra”, isto é, vencellada ós momentos de construción do asentamento castrexo, xa no seu conxunto ou especificamente desta área do Antecastro Oeste.

Tamén cómpre anotar a disposición N-S. dos elementos estruturais desta área, probablemente marcada pola muralla que delimita o Antecastro na súa beira Oeste. Así mesmo, convén lembrar que os elementos que conforman este sector son os utilizados logo para asentar sobre eles as construcións pétreas 1 e 2.

A estratigrafía de toda esta área do xacemento, aínda que corresponde a un horizonte cultural común, ofrece moitas particularidades locais como “pisos” pouco extensos, incendios máis xeneralizados, capas diversas de derruba, etc., e virían avalar a idea de zonas con funcionalidades e episodios diferentes. De igual xeito, non se debe esquecer que nos atopamos nunha área que é unha plataforma máis ou menos artificial froito da actividade antrópica por medio de sucesivos acarreos de diferentes terras para conformar e habilitar un espacio destinado a varias actividades e usos, o que ás veces fai difícil a explicación de elementos moi dispares.

En todo caso, xa se dixo que un primeiro achegamento tanto ás estruturas atopadas como ós materiais recollidos indica que a área escavada se encadra cultural e cronoloxicamente no horizonte coñecido para o conxunto do poboado de Viladonga, pero cunhas singularidades funcionais que haberán de ser mellor definidas no futuro.

## II.- SECTOR DA ENTRADA

A escavación deste sector localízase á dereita (entrando) do actual acceso principal da croa, como ampliación do corte transversal practicado nas murallas e fosos do lado Leste nas campañas de 1988 e 1989. De feito, como a unidade 12-O/1 (de 5 x 5 m.) non se rematara entón, completouse agora para ter a referencia da muralla conservada nesta parte sen solución de continuidade.

Partiamos da hipótese que consideraba que estabamos na entrada orixinal á croa do Castro e tentábase ver como se resolvía o final da muralla principal do xacemento, que é un potente sistema defensivo de 8-10 m. de altura sobre o primeiro foso, hoxe colmatado nesta parte pero que tiña entre 2 e 3 m. de fondura tal como se comprobou nos traballos dos anos 80.

Sen embargo, a muralla que se ía escavar vai perdendo altura nesta parte, xustamente cara a entrada, o que permite ademais un relativamente cómodo acceso dos visitantes á súa parte superior para a contemplación e comprensión do conxunto habitacional

da croa. Por outra banda, sabemos que nesta parte Leste da acrópole, o xacemento sufríu a extracción de pedra para usala en construcións das parroquias do contorno. Pero nin este espolio xa antigo nin os labores máis modernos de acceso ó sitio para facilitar os traballos primeiro agrícolas e logo arqueolóxicos modificarían demasiado a disposición orixinal da porta, como se confirmou na presente intervención.

#### **Unidade de escavación 12-P/3**

Situada na parte superior da muralla, a continuación do corte realizado en 1988, esta unidade, de 5x5 m. como é habitual, acadou unha fondura de 3'5 m. desde o nivel superior do amoreamento de pedra ata o fondo da cata, e nela documentouse parte das fiadas superiores da cara interior da muralla, construída con aparello irregular de pizarra e xisto e lousa. No contorno desta fiada exhumada, atópase todo o amoreamento e a derruba de pedra, que se escavou deica o pico superior da estrutura defensiva hoxe á vista.

A estratigrafía resúmese en dous niveis, un vexetal, de pouco interese, e outro arqueolóxico, que é a capa relacionada coa muralla castrexa e galaico-romana e a súa posterior derruba e entullo do seu material composto de pizarra, xisto e coios de cuarzo.

Nesta unidade só se recuperaron algúns anacos de tégula xeralmente moi rolada..

#### **Unidade de escavación 13-P/4**

Situada ó Norte da anterior e coa mesma superficie, esta unidade acadou unha fondura de 3, 70 m. e proporcionou unha valiosa información para coñecer tanto o remate da muralla nesta zona como a propia entrada orixinal, con dúas estruturas arqueolóxicas fundamentais: o “batente” esquerdo (saíndo) daquela e o camiño de acceso ó interior do Castro (**figs. 5 e 6**).

En efecto, descubriuse o paramento do bastión ou batente esquerdo da muralla, que define e limita o acceso á croa. Está construído en mampostería irregular con fiadas de



Fig. 5.- Conxunto da área escavada na Entrada, coa esquina da muralla.

pedras de pizarra de mediano e de grande tamaño, utilizando entre para completar aquelas uns ripios do mesmo material. Na parte inferior e na cimentación que tamén quedou á vista, apréciase un rebanco ou banquetta formada por unha fiada de pedra de nivelación do solo natural, ó nivel do propio camiño. Enlaza co paramento da muralla exhumado na unidade 12-P/3, formando un ángulo ou esquina moi aberto. O muro batente, que vai en dirección SL.-NO., ten 5'10 m de longo e conserva unha altura máxima de 1'67 m., devalando en dirección NO. ata o mínimo conservado de 45 cm., no punto onde fai ángulo coa liña da muralla.

Sobre a parte superior da muralla exhumada documentouse un potentísimo nivel de derrubamento e entullo que chega deica o ángulo Norte desta sondaxe.

No centro desta unidade 12-P/3 quedou á vista unha boa parte do camiño encoiado ou empedrado que daba acceso ó interior da croa a través da porta, entre os dous bastións ou batentes, alternando na súa estrutura pedras medianas e pequenas de pizarra ou xisto así como algún seixo miúdo. Esta unidade escavouse nunha lonxitude de 1'80 m. entre o perfil Sur e a base ou banquetta de cimentación do bastión, e de 4'10 m. entre o perfil Leste e o remate da cata.

Atópase mellor conservado na parte que vai desde o centro da unidade cara ó batente dereito, pero moi probablemente a disposición máis irregular que mostra cara ó bastión esquerdo e, sobre todo, perto do perfil Leste, débese a que se veu parcialmente derramado polo impacto das pedras de maior peso e tamaño que caeron sobre o camiño, procedentes da parte superior da muralla.

Baixo a forte capa vexetal, a estratigrafía estrutúrase nun só nivel arqueolóxico formado por tres capas relacionadas coa muralla, a súa derruba e o empedrado do camiño. A capa 2 corresponde ó derrube pétreo procedente do paramento e do batente esquerdo da muralla, formado por pedras de diverso tamaño pero en ocasións enormes, que aparecen en xeral na parte inferior da cata e sobre o camiño encoiado, loxicamente pola caída natural desde o remate superior da estrutura defensiva. A potencia deste derrubo vai desde os 2'05 m. no perfil Leste ata un mínimo de 1 m. no perfil Sur. A capa 3 é unha terra grisenta ou renegrada que simplemente cubre e nivela o empedrado do camiño, que consideraríamos como capa 4.

Entre o inxente derrubamento pétreo e entre as pedras de maior tamaño, recuperáronse anacos de tégulas e ímbrices, polo que é posible pensar na existencia dalgunha pequena construción (¿ou lintel voado?) no remate da muralla ou sobre a propia entrada.



Fig. 6.- Camión empedrado de saída da croa entre os dous batentes da muralla.

### Unidade de escavación 13-O/1

Sita ó Oeste da anterior unidade, acadouse nela unha fondura de 1'27 m. Descubriuse unha pequena parte do batente dereito da muralla principal, practicamente adosado ó perfil Sur deste subsector. A lonxitude máxima escavada en dirección SL.-NO. é de 3'65 m., e conserva unha altura máxima de 87 cm. sobre o encoiado do camiño. Na parte superior e ata o perfil Sur, deixa ver o potente derrubo da propia muralla que o cubre e que tamén o protexe, dado o seu regular estado de conservación.

Fronte ó bastión dereito e a unha distancia de 3'20 m., e correspondéndose co ángulo aberto que forma a liña do recinto e o batente esquerdo, exhúmase a continuación do paramento interno da muralla, cunha lonxitude (nesta unidade) de 1'24 m. en dirección N.-S. e unha altura de 4'32 m., conseguida pola superposición de seis fiadas que son as que se conservan da cara interna da muralla nesta zona.

Esta estrutura defensiva aséntase sobre un reforzo ou rebanco de cimentación, que se recupera neste cadro nunha lonxitude de 1'24 m. en dirección L.-O., cunha anchura de 1'12 m entre o seu remate e o paramento da muralla, e unha altura conservada de 35 cm. con tres fiadas de pizarra superpostas. Este rebanco apoia directamente sobre o solo natural, nivelado con xabre e pedra. Cómpre destacar que, ó igual que en todo o xacemento, nesta cimentación é frecuente a utilización de coios de seixo xeralmente de grande tamaño.

Como antes se apuntou, o camiño empedrado de acceso á croa estaba en mellor estado de conservación na zona máis próxima ó bastión dereito, e ten unha base ou cama de pedras de nivelación sobre o substrato. Entre os paramentos internos dos dous batentes da entrada, o camiño acada a anchura citada de 3'20 m. (ver figs. 5 e 6).

Por último, tamén se documentaron os restos fragmentarios dun muro que, desde a base da muralla e en dirección L.-O., ten 2'58 m. de lonxitude, unha anchura de 67 cm. e unha altura de 17 cm. con dúas fiadas de pedras que están tomadas con arxila amarelenta (que non aparece na construción da muralla). Este muro está case desaparecido e alterado, e polo seu extremo Leste toca (pero sen adosarse) o rebanco da muralla; as súas caras Sur e Norte están moi desfeitas pola remodelación sufrida por este espacio ó faceren a necesaria nivelación do terreo natural para a construción do camiño empedrado.

A estratigrafía desta unidade estrutúrase en dous niveis arqueolóxicos, baixo as capas de terra vexetal: o nivel 1, con tres capas, relacionadas as dúas primeiras coa construción e posterior derruba do paramento interno do bastión dereito da muralla que defende a croa, e a terceira co empedrado do camiño de acceso ó interior do recinto; e o nivel 2, formado por unha pequena derruba sobre os restos daquel feble muriño, correspondente a un momento de remodelación puntual, anterior ó feitura do citado empedrado.

### Unidade de escavación 12-O/2

Sita a continuación da 12-P/3 en dirección Oeste, nela acadouse unha fondura de escavación de 1'82 m. Ó longo de todo o límite Oeste da sondaxe descúbrese o paramento interno da muralla, reforzado na súa cimentación con dúas banquetas superpostas e retranqueadas unha respecto da outra, como se documenta tamén noutras zonas da mesma muralla do Castro; o rebanco inferior asenta sobre pedras de nivelación do solo natural pizarrento. O aparello é irregular e está formado por superposición de fiadas horizontais con pedras, en xeral de mediano tamaño pero alternando por veces con grandes chantos e cubrindo os intersticios con acuñamentos ou ripios de pedra miúda. A materia prima usada

é pizarra, xisto e lousa, mentres na cimentación aparecen, tamén como é habitual, croios de seixo ou cuarzo branco de grande tamaño e dureza.

Nesta unidade de escavación, a altura conservada deste muro interno do recinto é de 63 cm., con sete fiadas horizontais, das cales dúas corresponden ó primeiro rebanco e as outras cinco ó segundo.

A 3'50 m. de distancia da segunda banquetta da muralla e practicamente paralelo a ela documentouse un muro que vai por baixo do perfil Oeste desta unidade, e que xa se apuntara, anque moi alterado, na escavación dos anos 1988-1989 (sector 12-O/1). Mide 4'50 m. de longo e leva dirección N-S., cun probable esquinall no extremo Sur (ver fig. 5). De aparello irregular, conserva unha altura media ó redor de 75 cm., con superposición de nove fiadas, das cales a primeira está directamente colocada sobre o solo natural. Non se pode discernir a súa anchura orixinal, pois se introduce por baixo do perfil Oeste e só é visible nuns 60 cm.

Por último, como restos estruturais nesta unidade, hai que mencionar dous furados duns 22 cm. de anchura, presuntamente para postes ou algún outro tipo de apoio de menor entidade, adosados ó dito muro que vai paralelo á muralla. Están escavados na rocha e un deles debeu ser cortado cando se fixo a caixa de cimentación de dito muro, e polo tanto dun momento anterior, o que apunta a existencia dalgunha remodelación parcial nesta zona do Castro.

No tocante á estratigrafía, logo do nivel de formación vexetal, víronse dous niveis arqueolóxicos: o primeiro (nivel 1) está formado por 5 capas relacionadas coa construción e coa derruba da muralla, fose esta coetánea ou posterior ó abandono do hábitat no Castro. A capa 2 é a que corresponde á enorme derruba pétreá procedente do paramento interno da muralla e dos seus potentes rebancos de cimentación, oscilando esta capa entre un máximo de 165 cm. no perfil Leste e un mínimo de 85 cm. no Oeste. As outras tres capas (3, 4 e 5) poden asociarse a distintas labores de nivelación para o asentamento da muralla e, a última, para a caixa de cimentación do muro adosado ó perfil Oeste e fronte á muralla, onde a rocha natural aparece cortada ata unha fondura de 40 cm. O nivel 2 confórmao unha capa que sela dous furados de poste, cortados pola caixa de cimentación do muro paralelo á muralla.

Nesta zona soamente se recolleu algún anaco de tégula e uns pequenos de cerámica castrexa común.

### **Unidade de escavación 12-O/1**

Como se sinalou antes, esta unidade xa fora escavada nas campañas de 1988 e 1989, pero sen esgotar a súa potencia arqueolóxica por mor da derruba que contiña e da fragilidade que mostraba a cimentación da muralla nesta parte. Na campaña actual eliminouse con moito coidado aquel entullo e deixouse á vista todo o paramento interno da muralla desta unidade (é dicir, 5 m.), que aquí practicamente se corresponde cos seus rebancos de cimentación; fíxose ademais unha limpeza de planta e perfís.

### **Conclusións provisionais para o sector da Entrada**

A conclusión fundamental da intervención nesta zona do Castro é, loxicamente, a definición da configuración e disposición da muralla interior do xacemento nesta área da entrada á croa, que fora ademais un dos obxetivos prioritarios do proxecto. Obtívose información sobre a súa construción en rebancos sucesivos desde a cimentación e da conxunción de pedra e terra no seu macizado interior.

De grande interese foi ademais a aparición dos dous bastións ou muros laterais da zona de entrada á croa, que permiten comprobar que a entrada utilizada nos últimos séculos estaba no lugar da entrada orixinal, aunque esta toma unha dirección de saída lixeiramente máis cara ó Sur, o que haberá de comprobarse en futuros traballos. A maiores, poido determinarse a conformación e dirección do camiño de acceso á acrópole interior do xacemento, encaixado entre os muros ou batentes antes citados e conservando o seu empedrado primitivo. Tamén no futuro haberá que ver como se resolve este camiño no seu encontro co primeiro foso do Castro, é dicir, se tal camiño se afonda ata el, ou se o foso se interrompía ou se salvaba con algún sistema de levante.

Nesta zona, o material arqueolóxico recuperado foi máis ben escaso e, salvo algunhas pezas cerámicas pouco significativas, foron elementos de construción como tégulas e ímbrices, consontes, por outra banda, coa cronoloxía principal asignada ó Castro e, por suposto, ás zonas abertas nesta campaña de 2003.

### **III.- LIMPEZA E CONSOLIDACIÓN NO XACEMENTO**

#### **Rozado e limpeza das áreas escavadas, murallas e fosos**

Tal como se prevía no proxecto, a campaña finalizou cos habituais e necesarios traballos de rozado e limpeza en todas as áreas escavadas anteriormente na croa ou fóra dela, incluíndo as áreas abertas en 2003 na Entrada e no Antecastro. Rozáronse igualmente a muralla e o foxo principais, en toda a súa extensión, é dicir, en partes chairas e en pendente (ás veces moi notable).

Utilizáronse en xeral medios manuais como fouces, fouciños, rodos, sachos, tesouras de podar e instrumentos semellantes, mentres que para as áreas extensas de leñosas e herbáceas altas usáronse desbrozadoras mecánicas, tanto a man como de maquinaria (tractor-desbrozador, nas superficies amplas e chairas do Antecastro e no fondo do foxo principal). Como é lóxico e acostumado, púxose un especial coidado na limpeza das estruturas murarias, sen botar de momento ningún tipo de herbicida, labor este que, como se apuntaba ó comezo, se fará máis adiante en tempo e forma oportunos e en zonas e puntos que así o precisen.

Os traballos de limpeza deixaron o xacemento nun estado de conservación e visualización máis que aceptable (**fig. 7**), e que permite a súa comprensión e disfrute por toda clase de público visitante.

#### **Consolidación puntual de estruturas**

Tamén como estaba previsto pero en menor medida tendo en conta que se completaría cunha breve campaña de consolidación nunha época do ano máis axeitada (primavera-verán), realizáronse traballos puntuais de fixación e consolidación de muros, tanto dos xa coñecidos de campañas anteriores como dos aparecidos neste ano 2003.

Así, protexéronse (con polivinilo de burbullas e terra) os cabeceiros dos muros da estrutura 2 así como os restos de madeiras queimadas (todo isto no Antecastro), e fixéronse as pedras da fiada superior do batente esquerdo da muralla con aglomerante cementicio non visible ó exterior pero marcado con ripios de cuarzo branco do propio Castro, na forma habitualmente utilizada neste xacemento.

Do mesmo xeito, desmontáronse zonas ou puntos moi localizados en muros dos cadros marcados como H-8 (contra a muralla Norte), H-10 e I-9 (case no centro da croa),






Fig. 7.- Vista aérea do Castro recén rozado e limpo, despois da intervención de 2003 e coas dúas áreas escavadas en primeiro e último plano (fot. J. Cainzos).

repoñendo logo as pedras co mesmo sistema anteriormente descrito pero completándoo aquí coa colocación de terróns de herba recortados adrede para cubrir e protexer o remate superior daqueles muros.

#### IV.- CONCLUSIÓNS FINAIS PROVISIONAIS

Como ben se pode colexir, mentres non se rematen de interpretar as estruturas e de estudar todos os materiais atopados (un total de 1.309 pezas en números de inventario), co conseguente aparato gráfico aparelado, non é posible facer unhas conclusións definitivas para esta intervención arqueolóxica de 2003 e, ademais, moitos aspectos quedarán en todo caso por resolver en posteriores campañas, tanto na zona do Antecastro como na da Entrada.

Pero como resumo ou conclusións finais provisionais, si poden destacarse os seguintes aspectos:

- A área do Antecastro Oeste segue revelándose como unha zona do xacemento chea de sorpresas. Ó feito da aparición en 1992 dun camiño de acceso perfectamente marcado e mesmo defendido, e á presenza de muros de construción en 1996, hai que engadir agora certas particularidades estruturais e estratigráficas que fan desta zona un sitio singular dentro do xacemento, sobre todo pensando na súa/s posible/s funcionalidade/s.

Pois, en efecto, tanto as dimensións da chamada estrutura 1 ou construción alongada aínda non rematada de escavar por completo, como a orixinal planta e disposición da construción 2 (que é anterior á 1) e, a maiores, a documentación dun nivel de estruturas perecedoiras feitas de pallabarro que foron atuadas e achaiadas para construír as dúas estruturas anteriores, son todos eles aspectos que fan pensar nunha utilización relativamente intensa e continuada desta parte do Antecastro, e cunha evolución que, posiblemente, tamén foi diversa nas súas funcións (de “obra”, de almacenaxe, doméstica, artesanal...).

- A área da entrada á croa proporcionou información fundamental para entender a configuración da muralla e, sobre todo, a súa resolución cara ó acceso orixinal ó Castro.

Neste sentido, e ademais da presenza de curiosos rebancos de cimentación e construción do recinto, podemos falar agora de máis estruturas entre a muralla e a croa (aínda pendentes de abrir e aclarar), que parecen marcan unha sorte de intervallum ou ronda interior nesta parte da acrópole, cando no sector Norte tal ronda vai por diante das casas adosadas ou case apegadas á muralla.

Pero compre salientar particularmente a configuración dos muros de saída da croa, a xeito de bastións ou batentes rectos que, ademais, delimitan perfectamente o camiño de entrada, afortunadamente conservado co seu encoiado orixinal pesia ó enorme derrubamento que, procedente da propia muralla, caeu sobre del.

Tanto no Antecastro como na Entrada hai que insistir en que posteriores traballos de escavación haberán de resolver ou, cando menos, delimitar moitas cuestións que agora se abren á investigación nestas dúas áreas do xacemento.

- Como xa comprobamos noutras ocasións, unha profunda e demorada campaña de limpeza de todo o Castro e a conseguinte consolidación das súas partes máis fráxiles aumentan notablemente a monumentalidade e o carácter cultural e educativo deste conxunto patrimonial (ver fig. 7). Este labor de acondicionamento total e globalizado cómpre facelo, en situacións climáticas normais, dúas veces ó ano e, endebén, é preciso compaxinalo cos traballos de consolidación necesarios e, xeralmente, puntuais en determinadas estruturas da croa que notan o paso do tempo e a utilización social que de xeito contínuo se fai deste Castro de Viladonga por parte de todo tipo de público.

### **Bibliografía**

- ARIAS VILAS, F. (1985): *Castro de Viladonga. Campaña 1983*, (Arqueoloxía. Memorias 2), (Xunta de Galicia), Santiago de Compostela.
- ARIAS VILAS, F. (1991): "Excavación e limpeza no Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo)", *Arqueoloxía Informes 2* (Campaña 1988), (Xunta de Galicia), Santiago de Compostela, p. 71-75 e p. 203-208.
- ARIAS VILAS, F. (1996): "Escavación arqueolóxica e limpeza no Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo)", *Arqueoloxía. Informes 3* (Campaña 1989), (Xunta de Galicia), Santiago de Compostela, p. 25-28.
- ARIAS VILAS, F. (1997a): «El Castro de Viladonga (Lugo): 25 años de Investigación y Patrimonio Cultural», *Estudios Bercianos* (Revista del Instituto de Estudios Bercianos, Ponferrada), nº 23, marzo 1997, p. 18-31.
- ARIAS VILAS, F. (1997b): "El Castro de Viladonga y su Museo monográfico", *Restauración y Rehabilitación*, (Madrid), nº 11, p. 56-64.
- ARIAS VILAS, F. (2000): "Os últimos traballos arqueolóxicos no Castro de Viladonga (Castro de Rei, Lugo): 1988-1998", *Brigantium*, 12, p. 187-198.
- ARIAS VILAS, F. / DURÁN FUENTES, M<sup>o</sup>C. (1996): *Museo do Castro de Viladonga (Castro de Rei-Lugo)*, (Xunta de Galicia), Santiago de Compostela.
- ARIAS VILAS, F. / FÁBREGAS VALCARCE, R. (2003): "Datacións radiocarbónicas do Castro de Viladonga (Lugo)", *Gallaecia*, 22, 2003, p. 193-210.
- ARIAS VILAS, F. / RAMIL GONZÁLEZ, E. (2003): "Informe preliminar dos traballos arqueolóxicos no Castro de Viladonga en 2003", *Croa*, 13, 2003, p. 21-38.
- CHAMOSO LAMAS, M. (1977): "Las excavaciones del Castro de Viladonga y la problemática que plantean sus resultados", *Actas del Coloquio internacional sobre el Bimilenario de Lugo* (Lugo 1976), Lugo, p.41-46.
- CROA. Boletín da Asociación de Amigos do Museo do Castro de Viladonga, Lugo, (anual, desde 1991; ver os índices).